



BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PLAN ESTATAL DE VIVIENDA 2018-2021 PARA OBRAS DE REHABILITACION EN ZONAS DE REXENERACION E RENOVACION URBANA DURANTE O ANO 2022: ARI DO GRUPO DE VIVENDAS “MARÍA PITA” LABAÑOU (1ª FASE), ARI DO VENTORRILLO “CASAS DE FRANCO” (1ª FASE) E ARI CASCO HISTÓRICO (8ª FASE).

As presentes bases e convocatoria elabóranse en desenvolvemento dos acordos subscritos o 26 de outubro de 2018 polo Ministerio de Fomento, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (a través do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, IGVS) e o Concello da Coruña, dentro do Plan Estatal de Vivenda (PEV) 2018-2021, que foron aprobados previamente pola Xunta de Goberno Local do 16 de outubro de 2018 e relativos ás áreas que se indican na base primeira.

Nestes acordos atópase o compromiso do Concello da Coruña de executar as actuacións previstas a través da publicación dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas.

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro das seguintes áreas:

- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Ventorrillo-Casas de Franco en A Coruña, delimitado pola Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 22 de xullo de 2015. (1ª fase). Anexo I
- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Grupo de Vivendas “María Pita” Labañou (A Coruña), delimitado pola Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 22 de xullo de 2015. (1ª fase) Anexo II
- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Cidade Vella e Peixaría en A Coruña, delimitado por a Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 14 de novembro de 2003. (8ª fase) Anexo III

Estas actuacións encádranse nas determinacións dos convenios subscritos o 26 de outubro de 2018 dentro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do Real Decreto 106/2018 e no artigo noveno da Resolución de 19 de xuño do 2020 do IGVS.

2. DEFINICIÓNS

Aos efectos do disposto nesta convocatoria, os seguintes conceptos serán interpretados co significado e alcance:

- a) Edificio de tipoloxía residencial colectiva: edificio composto por máis dunha vivenda, cuxo uso predominante sexa o residencial e onde cada vivenda conte coa correspondente referencia catastral.



- b) Vivenda unifamiliar: vivenda ubicada nun edificio independente, cuxo uso predominante sexa o residencial e no que non existe ningunha outra vivenda, e que conte coa correspondente referencia catastral. As vivendas unifamiliares poden ser illadas ou agrupadas en fila.
- c) Residencia habitual e permanente dunha unidade de convivencia: domicilio no que constan empadroados o seus integrantes.
- d) Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.
- e) Persoa maior de 65 anos: aquela que na data de presentación da solicitude teña cumpridos 65 o máis anos.
- f) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- g) Indicador público de renda de efectos múltiples (en adiante, IPREM): é o indicador definido no Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, que se considera unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS E SOLICITANTES

Poderán resultar beneficiarias das axudas aquelas persoas que asuman a responsabilidade da execución integral da actuación delimitada pola actuación, e de forma concreta:

- Nas obras sobre elementos comúns, as comunidades de propietarios/as e cada un dos propietarios/as, en proporción á súa cota de participación no inmovible ou outro reparto acordado polos propietarios do inmovible de acordo á normativa de aplicación.
- Nas obras para rehabilitación no interior das vivendas, a persoa propietaria, ou ocupante con autorización da propiedade.

Se a subvención solicitouse por unha persoa distinta do propietario, cando exista entre estas persoas unha relación hasta o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, deberán achegarse os ingresos tanto das persoas ocupantes como das persoas propietarias.

- Cando as persoas beneficiarias sexan persoas físicas, deberán posuír a nacionalidade española; as persoas estranxeiras deberán ter a residencia legal en España.
- As persoas e entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos en o art. 7.2 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, que aproba o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que estean incursoas en algunha das causas previstas en o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións, en o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou a quen se lle revocara algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa solicitante.



- Para o caso de que a persoa solicitante sexa unha comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as, os requisitos sinalados nos puntos anteriores deberán ser cumpridos polos seus membros.
- Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o importe desta, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, no seu caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal. A repartición da axuda será o que fose sinalado pola propia comunidade ou agrupación nos acordos iniciais ou nos posteriores que se poidan achegar antes da resolución da concesión.
- Cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, non se atribuirá a dita propiedade a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación, salvo que se alcancen os límites por vivenda que se sinalan na base 8.2
- Para a determinación dos ingresos das persoas físicas beneficiarias e das súas unidades de convivencia partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro do IRPF, correspondente aos datos fiscais máis recentes dispoñibles no momento da solicitude da axuda correspondente. De non dispoñer da correspondente declaración, deberánse acreditar os ingresos mediante a presentación dunha declaración responsable de ingresos das persoas integrantes da unidade de convivencia.
- En todo caso, as persoas interesadas, ao formular unha solicitude, sométense ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

4. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se conceden as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugueiro, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, e o artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para o caso de recibir as axudas autonómicas.
- c) Comunicar ao Concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello e/ou o IGVS consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.



- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral Municipal, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do IGVS, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio da súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como empresas auditoras que o Concello ou outra administración poidan contratar.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Subministrar ao IGVS, previo requirimento ao efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- h) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como non ter débedas tributarias co Concello da Coruña, no momento de concesión da subvención e no momento de pagamento das axudas. Tendo en conta as particularidades destas subvencións, e a consideración igualmente de beneficiarios de comuneiros e partícipes das comunidades de persoas propietarias dos inmobles, nos termos do artigo 11.3 a Lei Xeral de Subvencións, a obriga de estar ao corrente coas administracións tributarias e de Seguridade Social tramitarse mediante declaración responsable nos casos que o importe individual da axuda non supere os 3.000,00 €, conforme ao previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña poderá solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

5. INCOMPATIBILIDADES E PROHIBICIÓNS

Estas subvencións son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta, coas especialidades que se indican a continuación.

De conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo (PEV).

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursoas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás que se lles revocase algunha das



axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

Sen prexuízo do anterior, a concorrencia a esta convocatoria coas mesmas obras coas que se poida ter presentado a convocatorias anteriores de axudas municipais, suporá a solicitude de desestimación automática na convocatoria municipal.

6. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E ORZAMENTO PROTEXIDO

Para a tramitación destas axudas considéranse como actuacións subvencionables as que se indican a continuación e para as áreas que se especifican:

6.1 ÁREAS DE REHABILITACIÓN

Poderanse solicitar axudas á rehabilitación para os edificios de uso residencial e as vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, que se atopen dentro das seguintes Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana, que figuran delimitadas nos anexos que se indican en cada unha delas e que poden consultarse na páxina web municipal: <https://www.coruna.gal/vivienda/es/subvencions/areas-declaradas-como-de-rehabilitacion?argldioma=es>

- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Ventorrillo-Casas de Franco (A Coruña), delimitado pola Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 22 de xullo de 2015. (1ª fase). Anexo I
- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Grupo de Vivendas "María Pita" Labañou (A Coruña), delimitado pola Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 22 de xullo de 2015. (1ª fase) Anexo II
- Área de Rexeneración e Renovación Urbana Cidade Vella e Peixaría en A Coruña, delimitado pola Xunta de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do PEV, con data 14 de novembro de 2003. (8ª fase) Anexo III

6.2 ACTUACIÓNS SUBVENCIONIÓNS

As actuacións subvencionables son as indicadas nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo:

- a) As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas.
- b) As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellor da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
- c) A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, incluso no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

As obras **non poderán estar iniciadas con anterioridade a 27.04.2019**, data de fin da presentación de solicitudes da anterior convocatoria de axudas do Plan Estatal de Vivenda.



A acreditación de inicio da obra poderá consistir en acta notarial ou documento técnico firmado por facultativo que describa o inmovible antes do inicio das obras, data de inicio e documento gráfico.

6.3 ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o **orzamento protexido** da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto nos artigos 36, 43 e 51 do RD 106/2018 (incluídos os gastos de honorarios dos profesionais intervinentes, o custo da redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas).

Estes gastos non poderán superar os custos medios do comprado que correspondan a tales actuacións, os cales determinaranse de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

Non se poderán incluír no orzamento protexido impostos, taxas ou tributos.

7. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva, clasificando as solicitudes por orde de tramitación segundo os seguintes criterios:

7.1 PARA AS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA **VENTORRILLO-CASAS DE FRANCO E GRUPO DE VIVIENDAS "MARÍA PITA" LABAÑOU:**

1. Clasificaranse en primeiro lugar as actuacións en función do número total de vivendas directamente afectadas pola actuación.
2. No caso de empate entre solicitudes en virtude da puntuación establecida anteriormente, o seguinte criterio de clasificación é polo maior número de vivendas en que figuren persoas empadroadas.
3. En caso de persistir o empate, o seguinte criterio de clasificación tomará o maior número de persoas empadroadas no inmovible para o que se solicita a axuda.
4. Finalmente, en caso de manterse o empate, tramitarase atendendo a aquelas que se presentasen antes na solicitude de participación.

7.2 PARA O ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA **CIDADE VELLA E PEIXARÍA NA CORUÑA:**

1. Clasificaranse en primeiro lugar as actuacións en función do nivel de protección do inmovible afectado pola actuación, seguindo o seguinte orde:
 - a. Nivel 1: Edificio monumental
 - b. Nivel 2: Singular valor arquitectónico integral
 - c. Nivel 3: Características singulares estrutural
 - d. Nivel 4: Significación arquitectónica ambiental



- e. Nivel 5: Interese ambiental no conxunto
 - f. Sen protección
2. No caso de empate entre solicitudes en virtude da puntuación establecida anteriormente, o seguinte criterio de clasificación é polo de maior número de vivendas en que figuren persoas empadroadas.
 3. En caso de persistir o empate, o seguinte criterio de clasificación tomará o maior número de persoas empadroadas no inmovible para o que se solicita a axuda.
 4. Finalmente, no caso de manterse o empate, tramitaranse atendendo a aquelas que se presentasen antes na solicitude de participación.

Consideraranse persoas empadroadas, aquelas que figuren inscritas no padrón municipal de habitantes na data de apertura de solicitudes da presente convocatoria.

Constituirase unha Mesa de Avaliación, como órgano colexiado encargado de formular a proposta de concesión ao que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que se regulará polo establecido nos artigos 15 a 18, 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Será nomeada polo concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, e estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Unha/un funcionario/a pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda.
- Vogais: Dous técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda.
- Secretaría: Un/a funcionario/a pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instructor, poderá requirir ás persoas solicitantes da subvención a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 6 meses a contar desde o día seguinte á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Os expedientes tramitaranse seguindo a clasificación anterior, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

8. CONTÍA DA CONVOCATORIA E LÍMITES DAS SUBVENCÍONS

8.1 CONTÍA DA CONVOCATORIA

O importe destinado á financiación destas axudas fíxase en 1.338.350,52 € con cargo á aplicación orzamentaria 30.1522.78010 e as súas subdivisionarias do Orzamento municipal, que se imputa integramente á anualidade de 2022 coo seguinte desglose:



Área	VENTORRILLO – CASAS DE FRANCO (1ª fase)	GRUPO MARÍA PITA – LABAÑOU (1ª fase)	CASCO HISTÓRICO CIDADE VELLA-PEIXARÍA (8ª fase)	Total
Código de proxecto	2018 3 30 1 1	2018 3 30 1 2	2018 3 30 1 3	
Achega Ministerio de Fomento	264.806,35 €	285.459,78 €	161.775,48 €	712.041,61 €
Achega Xunta de Galicia	66.201,58 €	71.364,96 €	42.896,69 €	180.463,23 €
Achega Concello da Coruña	198.604,78 €	214.465,82 €	32.775,08 €	445.845,68 €
Total	529.612,71 €	571.290,56 €	237.447,25 €	1.338.350,52 €

As achegas do Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia incorporáronse aos sucesivos exercicios como gastos con financiación afectada; e a financiación municipal está consignada no orzamento actual, tanto no prorrogado de 2020 como no proxecto de orzamento de 2022.

8.2 PORCENTAXES E LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS

As porcentaxes e límites das subvencións serán os indicados no PEV, e nos acordos da comisión bilateral aprobados para cada caso, tendo carácter complementario entre eles.

8.2.1 Subvención estatal

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao orzamento protexido da actuación e non poderá exceder, de forma individualizada, o 40% do custo subvencionable da actuación.

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75%, cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Indícanse a continuación os límites absolutos para a subvención estatal, sendo complementarias as axudas entre sí.

Actuación	Xeral	No caso de inmobles declarados BIC ou que contén con protección integral
Obras de conservación e accesibilidade (art. 51 e 43 do PEV)	Máximo de 8.000,00 € por vivenda	Máximo de 9.000,00 € por vivenda
	120 €/m ² de superficie de local que participe nos gastos	130 €/m ² de superficie de local que participe nos gastos



Obras de eficiencia enerxética (art. 36 do PEV)	Máximo de 12.000,00 € por vivenda	Máximo de 13.000,00 € por vivenda
	120 €/m2 de superficie de local que participe nos gastos	130 €/m2 de superficie de local que participe nos gastos

8.2.2 Subvención autonómica

Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación, sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha de elas.

8.2.3 Subvención do Concello da Coruña para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana Ventorrillo-Casas de Franco e Grupo de Vivendas "María Pita" Labañou.

Ata 6.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación ou 6€/m2 no caso de local que participe nos gastos, segundo o cadro que se indica a continuación. Estas contías máximas aplicaranse por vivenda ou local, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha de elas.

	Renda Unidade de convivencia >= 3 IPREM	Renda Unidade de convivencia < 3 IPREM	Renda Unidade de convivencia < 1,5 IPREM	Máximo absoluto
Axuda xeral	30%	30%	30%	6.000,00 € por vivenda, 6 €/m2 en locais que participen no gasto
Se opta á axuda estatal do 75%	-	5%	10%	6.000,00 € por vivenda, e 6 €/m2 en locais que participen no gasto

8.2.4 Subvención do Concello da Coruña para o Área de Rexeneración e Renovación Urbana Cidade Vella e Peixaría.

Ata 6.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación ou 6 €/m2 no caso de local que participe nos gastos, segundo o cadro que se indica a continuación. Estas contías máximas aplicaranse por vivenda ou local, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.



	Renda Unidade de convivencia \geq 3 IPREM	Renda Unidade de convivencia $<$ 3 IPREM	Renda Unidade de convivencia $<$ 1,5 IPREM	Máximo absoluto
Axuda xeral	10%	10%	10%	6.000,00 € por vivenda, e 6 €/m ² en locais que participen no gasto
Se opta á axuda estatal do 75%	-	5%	10%	6.000,00 € por vivenda, e 6 €/m ² en locais que participen no gasto

9. MEDIOS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude xunto coa documentación requirida dirixirase ao Concello da Coruña e presentarse por calquera medio previsto no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tanto as persoas xurídicas como as comunidades de persoas propietarias e a súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude a través de medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

De conformidade co disposto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, se algún dos suxeitos sinalados no artigo 14.2 presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a resolva a través da súa presentación electrónica. A tales efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

O **prazo de presentación das solicitudes** será de DOUS MESES e comezará a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, debendo presentarse segundo o modo oficial publicado na páxina web do Concello (www.coruna.gal/vivienda/es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es>), acompañado da documentación indicada no mesmo, e que se detalla na base seguinte.

10. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

As persoas e as entidades interesadas deberán presentar o prazo establecido no apartado anterior a seguinte documentación específica e común:

10.1 DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA, NO CASO DE SOLICITUDE DE PERSOAS FÍSICAS



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA

- a) Solicitud de axuda económica para a rehabilitación de edificios e vivendas, incluíndo as declaracións responsables sobre destino e ocupación do inmovible, e no seu caso, declaración de outras persoas que figuren como co titulares do inmovible.
- b) Xustificación da titularidade do edificio (notas simples rexistradas ou, no seu caso, escrituras de propiedade ou outro título público acreditativo da titularidade, sen que teña esta consideración a documentación que figura en catastro).
- c) Anexo de persoas titulares do inmovible ou beneficiarios sobre o cumprimento dos requisitos para ser beneficiarios das subvencións establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei subvencións Xunta e Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, a Resolución de 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e as presentes bases reguladoras. No caso de persoas estranxeiras, deberá incluír a declaración que teñen residencia legal en España, así como de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello da Coruña.
- d) Documento nacional de identidade (DNI) ou Número de identificación de estranxeiría (NIE) do solicitante, no caso que a presentación da solicitude sexa presencial, ou no caso de representación.
- e) Acreditación da representación, no seu caso.
- f) Solicitud de alta da persoa beneficiaria na base de terceiros do Concello da Coruña, (sellada pola entidade bancaria) ou certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (IBAN) a nome da persoa beneficiaria.

10.2 DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA, NO RESTO DE CASOS (PERSOAS XURÍDICAS, COMUNIDADES DE PROPIETARIOS, COMUNIDADES DE BENS E CALQUERA OUTRO TIPO DE FORMA COLECTIVA, CON E SEN PERSONALIDADE XURÍDICA)

- a) Solicitud de axuda económica para a rehabilitación de edificios e vivendas, incluíndo as declaracións responsables do seu representante da entidade, que se atopan debidamente constituídas.
- b) Copia da acta ou certificación, emitida pola persoa que exerza as funcións de secretario/a da comunidade, comprensiva do acordo da comunidade de persoas propietarias, co seguinte contido:
 - Aprobación da presentación da solicitude da subvención obxecto desta convocatoria
 - Designación da persoa que representa legalmente á comunidade e no seu caso, designación da persoa que a representa na tramitación do expediente de subvención
 - Autorización ou aprobación das obras, con indicación da cota de participación de cada vivenda no custe das mesmas.
 - Elección do orzamento, de entre os solicitados.

Este documento terá que reunir os requisitos do artigo 19 da lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.



- c) Solicitud de alta da persoa beneficiaria na base de terceiros do Concello da Coruña, (selada pola entidade bancaria) ou certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (IBAN) a nome da persoa beneficiaria.
- d) Relación de persoas propietarias do edificio, con indicación da súa identidade e a referencia catastral de cada vivenda e local, así como a indicación da cota de participación no inmovible, todo elo para o caso de que as obras se realicen en edificios de tipoloxía residencial colectiva.
- e) Xustificación da titularidade do edificio (notas simples rexistradas ou, no seu caso, escrituras de propiedade ou outro título público acreditativo da titularidade, sen que teña esta consideración a documentación que figura en catastro).
- f) Anexo coas declaracións responsables de cada persoa propietaria ou beneficiaria sobre o cumprimento dos requisitos para ser beneficiarios das subvencións establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei subvencións Xunta e Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, a Resolución de 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e as presentes bases reguladoras. No caso de persoas estranxeiras, deberá incluír a declaración de que teñen residencia legal en España, así como de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello da Coruña.

10.3 DOCUMENTACIÓN COMÚN

Para todas as solicitudes, deberá ademais aportarse a seguinte documentación técnica:

- a) Proxecto ou memoria técnica, redactada e firmada por persoa técnica/profesional competente, no que se describan as obras a executar e a súa valoración, co desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

O proxecto ou memoria técnica deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras a realizar.

Para aquelas obras que precisen proxecto técnico, o orzamento desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios das obras, será o recollido en dito documento elaborado con prezos segundo bases oficiais; será o orzamento base para o cálculo da subvención.

- b) Orzamento desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios das obras para as que se solicita subvención. No caso de que o importe da obra supere 40.000 € (IVE non incluído), terá que achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación da obra, e xustificar expresamente nunha memoria técnica a elección cando non se acepte a proposta máis económica, conforme a criterios de eficiencia e economía.

Non será necesaria esta memoria cando polas especiais características das obras non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, nin cando as obras fosen iniciadas con anterioridade á apertura do prazo de presentación da actual



convocatoria, o que deberá xustificarse mediante certificación emitida pola súa dirección facultativa ou, en ausencia desta, mediante declaración responsable do promotor.

- c) Licenza, comunicación previa e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras. No caso que non se dispoña do título habilitante correspondente, deberá achegarse a solicitude do mesmo, así como a solicitude das autorizacións que correspondan.
- d) No caso de actuacións de eficiencia enerxética, certificado de eficiencia enerxética do edificio existente inscrito en o Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia, e certificado de proxecto emitido por técnico competente.

10.4 DOCUMENTACIÓN EN O CASO DE OPTAR Á SUBVENCIÓN MÁXIMA ESTATAL DO 75%

10.4.1 No caso de actuacións subvencionables para a mellora da accesibilidade

- a) Certificado de discapacidade da/s persoa/s que resida/n habitualmente na vivenda.
- b) Designación da/s persoa/s residente/s en o inmovible, que sexa/n maior/es de 65 anos.

10.4.2 No caso de solicitar a subvención máxima estatal do 75% por nivel de renda

- a) Declaración do importe da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondentes aos datos fiscais máis recentes.
- b) Copia da última declaración da renda presentada ante a AEAT, no caso de non autorizar a consulta por parte do Concello de cada un dos integrantes da unidade de convivencia.

11. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

A tramitación destas subvencións rexerase polas seguintes normas:

11.1 INSTRUCIÓN

O servizo de Rehabilitación e Vivenda, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación achegada e verificará o cumprimento de todos os requisitos e a presentación da documentación necesaria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ás persoas interesadas para que emenden falta ou aporten os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días, con indicación de que se non o fixeran, se lles terá por desistida da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se o montante total das subvencións que cumpran os requisitos fose superior aos créditos dispoñibles, as restantes solicitudes quedarán desestimadas por esgotamento de crédito orzamentario, unha vez finalizada a tramitación dos expedientes.

11.2 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas e a documentación achegada, e verificado o cumprimento de todos os requisitos, incluída a obtención do título habilitante, o órgano



instrutor formulará unha proposta de resolución, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a avaliación e os criterios técnicos seguidos para efectuala.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe proposta do órgano instrutor no que conste que, da información que obra no seu poder desprendese que as persoas beneficiarias cumpran todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

A proposta de resolución notificarase ás persoas interesadas e será obxecto de publicación na sede electrónica municipal, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada. No caso de que a solicitude de subvención coincida coa subvención proposta, non se outorgará este trámite de audiencia.

A proposta non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria fronte á administración, mentres non se lle fose notificada a resolución da concesión.

Redactarase a correspondente proposta de cualificación provisional e solicitarase a correspondente cualificación provisional ao IGVS nos termos indicados neste apartado.

11.3 CUALIFICACIÓN PROVISIONAL POR O IGVS

Na tramitación destas subvencións, seguirase o procedemento de cualificación provisional das actuacións, previsto no apartado 21 da Resolución de 3 de agosto de 2018 do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 156 do 17.08.2018).

11.4 RESOLUCIÓN

Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución e que foron aceptadas, ou que son coincidentes coas solicitudes, e tras a obtención da cualificación provisional, o órgano competente resolverá o procedemento.

A competencia para a resolución adoptarase en función das delegacións da Xunta de Goberno Local do 28.06.2019 (BOP núm.124 do 03.07.2019) en función do importe da débeda concedida, correspondendo ao concelleiro de urbanismo, vivenda, infraestruturas e mobilidade, a concesión de subvencións de cuxo importe no supere os 60.000 € e á Xunta de Goberno Local, aqueles que superen dito importe.

11.5 CUALIFICACIÓN DEFINITIVA POLO IGVS

O procedemento de cualificación definitiva das actuacións vén regulado no apartado 22 da Resolución de 3 de agosto de 2018 do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 156 do 17.08.2018)

12. NOTIFICACIÓNS

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de tal xeito que, de acordo co disposto no artigo 45.1 b), a notificación poderá ser substituída pola publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, outorgando os mesmos efectos.



O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias, aportación de documentos e reformulación de solicitudes interromperá dito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento de dito prazo máximo sen notificar a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

Serán de aplicación as disposicións referidas aos prazos xerais contidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou normativa que a substitúa.

13. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS OBRAS

A execución, pago e xustificación das obras axustarase ás seguintes normas:

13.1 PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRAS

O prazo para realizar as obras indícase no acordo da cualificación provisional polo IGVS. Este prazo poderá ser obxecto de prórroga, debidamente xustificada e mediante resolución expresa, e condicionada á existencia crédito adecuado e suficiente.

13.2 XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Conforme a Resolución de 3 de agosto de 2018 ditada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cualificación definitiva supón a aprobación definitiva da xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

O Concello aboará as correspondentes subvencións ás persoas e ás entidades beneficiarias e xustificaran os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais como das subvencións autonómicas.

Procederáse á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificativo teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

Con carácter xeral, o recoñecemento de obriga a favor da persoa beneficiaria e o pagamento da subvención realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que ten carácter supletorio. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da citada Lei 38/2003.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que se presentase a documentación requirida, arquivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.



No poderá realizarse o pagamento da subvención á persoa beneficiaria en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello e a Axencia Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e o Concello da Coruña ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro. A acreditación deste requisito tramitarase mediante declaración responsable, nos casos que o importe individual da débeda non supere os 3.000,00 €, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións. Non obstante do anterior, o Concello poderá comprobar o cumprimento destes requisitos mediante a autorización á consulta de ditos datos, ou no caso de oposición, mediante a existencia dos certificados correspondentes acreditativos.

En relación co apartado anterior e de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención non poderá ser superior ao establecido na cualificación provisional e na resolución inicial.

13.3 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

Finalizadas en prazo as obras obxecto das axudas, a persoa solicitante comunicará dita circunstancia para que se proceda á inspección final da vivenda. Cando a execución requirise dirección de obra, a comunicación deberá ir acompañada da certificación final da obra.

Acompañaranse así mesmo as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, emitidos polos provedores en relación coa actuación subvencionada.

Achegarase a seguinte documentación acreditativa do pagamento, sen que poida admitirse en ningún caso o pagamento en efectivo:

- Para cada un dos documentos xustificativos do gasto: xustificación do pagamento bancario ou certificacións bancarias onde este claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento; non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica de dita entidade;
- Cesión dereitos de cobro: a cesión do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores, esixe achegar o documento de aceptación do endoso, asinado polo representante da empresa e no caso de comunidades de propietarios, o acordo da comunidade de propietarios onde figuren os datos da persoa ou empresa a favor da cal se solicita o endoso.

Nos casos en que se realicen obras para a mellora da eficiencia enerxética, será imprescindible presentar o certificado enerxético do edificio terminado debidamente rexistrado que acredite unha redución mínima do 25 %.



13.4 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O prazo para presentar a xustificación da subvención finalizará ao mes da terminación das obras e en todo caso, no prazo dun mes desde o prazo que sinale a cualificación provisional polo IGVS para a execución dos traballos. Este prazo poderá ser obxecto de prórroga, debidamente xustificada e mediante resolución expresa, e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

No caso de non presentar dita xustificación no prazo indicado, se lle dará audiencia para resolver a caducidade do dereito á subvención concedida.

13.5 RESOLUCIÓN DE ABOAMENTO

Comprobada a correcta execución das obras e unha vez obtida a cualificación definitiva, se resolverá definitivamente o expediente concedéndose a subvención sobre o importe dos pagamentos acreditados mediante as facturas entregadas, por as obras aprobadas na resolución de concesión da subvención.

Non obstante, o aboamento das axudas queda condicionado á efectiva consignación no actual orzamento municipal do crédito adecuado e suficiente para a tramitación das axudas.

13.6 PAGAMENTOS ANTICIPADOS

De conformidade co artigo 17 da Lei Xeral de Subvencións, as persoas beneficiarias da subvención poderán solicitar anticipos pola totalidade ou parte da subvención concedida ou aboamentos a conta.

As solicitudes de pagamentos anticipados ou pagamentos a conta poderán tramitarse simultaneamente coa da subvención. Neste caso, ambas solicitudes resolveranse conxuntamente.

No caso de pagamentos anticipados deberá constituírse unha garantía do 50 % do importe total da subvención concedida, que poderá realizarse mediante a retención do pagamento polo Concello da Coruña de dita porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

En todo caso, para poder efectuar pagamentos anticipados, deberá quedar acreditado que as entidades beneficiarias atópanse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), coa Xunta de Galicia, a Seguridade Social e co Concello da Coruña, ben mediante os propios certificados ou mediante declaración responsable.

De ser o caso, poderá requirírselle para que presente o certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social se finalizou o prazo de validez do presentado coa documentación achegada.

O pagamento realizarase mediante ingreso na conta bancaria que figure rexistrada na contabilidade municipal ou na indicada pola persoa beneficiaria a través do modelo de alta ou modificación de datos en terceiros, presentado xunto coa solicitude.



14. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As axudas concedidas ao amparo desta convocatoria poderán ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de mora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, Xeral de Subvencións.

15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 a 18 da citada Lei, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites>, engadindo na descrición da busca de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal".

16. PUBLICIDADE

A publicidade das subvencións realizarase segundo o artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 7 de novembro, Xeral de Subvencións.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno publicaranse no Portal de Transparencia do Concello da Coruña, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios. (<http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvenciones-e-axudas>), así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

17. INFORMACIÓN ESTADÍSTICA ADICIONAL

A información subministrada polas persoas solicitantes poderá ser utilizada con fins estatísticos sobre os resultados das actividades ou inversións subvencionadas. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación e seguimento da situación socioeconómica que estableza o Concello da Coruña, a tal efecto.

18. REMISION NORMATIVA

En todo o non recollido nestas bases, aplicarase a seguinte normativa:

- a) Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA

- b)** Resolución de 3 de agosto de 2018 do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia (DOG núm. 156 do 17.08.2018), modificada por a Resolución do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 108 do 10.06.2019).
- c)** Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,
- d)** Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, regulamento da lei xeral de subvencións
- e)** Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
- f)** Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento

O concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade